



CURSO 2025/2026

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR DE ALUMNAS/OS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2º CICLO) DO CONCELLO DE CERVO

O Concello de Cervo, en exercicio das competencias recoñecidas no artigo 25.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, relativas aos servizos sociais e promoción social, e ao amparo do artigo 28 da mesma Lei, que permite a realización de actividades complementarias en materia de educación, establece a presente convocatoria de axudas.

Estas axudas teñen carácter social e están dirixidas a compensar parcialmente ás familias en situación de vulnerabilidade económica polos gastos derivados do inicio do curso escolar. A súa finalidade é promover a igualdade de oportunidades e apoiar a inclusión social dos menores escolarizados no municipio, sen prexuízo das competencias propias da Comunidade Autónoma en materia educativa.

1.- OBXECTO E FINALIDADE DAS AXUDAS

O obxecto desta convocatoria é establecer un sistema de axudas sociais destinadas ás familias do concello con menores en idade escolar, a fin de paliar os gastos que conleva o inicio do curso escolar en concepto de material básico.

A finalidade das axudas é apoiar ás familias en situación de necesidade, precariedade ou risco social, contribuíndo a garantir a igualdade de oportunidades e a cohesión social, no marco das competencias municipais en servizos sociais (art. 25.2.e LRBRL) e actividades complementarias en materia educativa (art. 28 LRBRL).

Estas axudas teñen natureza estritamente social e non constitúen unha prestación en materia educativa, competencia atribuída á Comunidade Autónoma.

Polo tanto, o obxecto das presentes bases é a concesión en concorrencia competitiva de axudas a familias para a adquisición de libros de texto e material escolar de alumnas/os matriculadas/os no 2º ciclo de Educación Infantil no **CEIP CERVO** e no **CEIP PENÍNSULA DA PAZ** do Concello de Cervo.

2.- BENEFICIARIAS/OS

As axudas poderán ser solicitadas polos pais/nais ou titores/as das/os alumnas/os que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que todos os membros da unidade familiar estean empadroados e teñan residencia efectiva no Concello de Cervo.
2. Ter fillas/os cursando estudos de educación infantil (2º ciclo) de 3 a 5 anos no **CEIP CERVO OU NO CEIP PENÍNSULA DA PAZ**, no curso 2025-2026.
3. Non superar os ingresos económicos fixados no punto terceiro destas bases
4. Non ser debedor/a da Facenda Municipal, Autonómica e Estatal, así como da Seguridade Social.





5. Non ter pendente de xustificación ningunha subvención outorgada polo Concello de Cervo.
6. Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

No caso das unidades familiares que teñan aberto un expediente no Departamento Municipal de Servizos Sociais e que non reúnan os requisitos para solicitar as axudas, queda aberta a posibilidade da súa concesión segundo a valoración das profesionais do Departamento Municipal de Servizos Sociais para aqueles casos que por razón de necesidade, precariedade ou urxencia se atopen nunha situación de risco e/ou desprotección, sendo necesario nestes casos un informe da traballadora social do Concello, previa consideración da Comisión Avaliadora, e o compromiso de cumprimento por parte das/os usuarias/os dos obxectivos fixados na intervención sociofamiliar realizada pola profesional correspondente (traballadora social).

As/os beneficiarias/os terán as seguintes obrigas co Concello de Cervo:

- a. Cumprir a actividade obxecto da subvención, é dicir, realizar o gasto en libros e material escolar para os cursos nos que se acredite a matriculación.
- b. Adquirir os libros e material escolar nun establecemento comercial do Concello de Cervo.
- c. Cumprir todos os requisitos recollidos no punto 2 das bases reguladoras
- d. Someterse ás actuacións de comprobación da veracidade dos datos reflectidos na documentación presentada, así como do cumprimento dos requisitos para a concesión da axuda e colaborar co concello nas ditas actuacións
- e. Comunicar ao Concello de Cervo calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda

3.- CRITERIOS DE VALORACIÓN


Para outorgar as axudas aplicárase o seguinte baremo:

- No caso de que a Renda per cápita familiar sexa igual ou inferior ao IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples), a axuda será de 130,00 € para cada alumno/a beneficiario/a.
- Cando a Renda per cápita familiar estea entre o 100% e o 150% do IPREM a axuda será de 100 € para cada alumno/a beneficiario/a.

A contía anual do IPREM para o ano 2025 é de 7.200,00 € segundo según la Lei 4/2023, de 29 de decembro de 2023, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2024, prorrogado para o 2025.

No suposto de que as solicitudes de axuda supere o crédito orzamentario dispoñible, 2.000,00€, iniciárase a concesión das axudas polas solicitudes cunha renda percápita inferior ata o esgotamento do crédito.





RENDA PER CÁPITA FAMILIAR E DETERMINACIÓN DA UNIDADE FAMILIAR

Enténdese por renda percápita familiar a suma das rendas familiares do exercicio 2024 dividida entre o número de membros da unidade familiar computables que obteñan ingresos de calquera natureza.

Para os efectos do cálculo da renda percápita, terán a consideración de membros computables da unidade familiar:

- a) As persoas proxenitoras non separadas legalmente nin divorciadas ou, de ser o caso, as persoas titoras do alumnado.
- b) Os/as fillos/as menores de idade, con excepción dos emancipados. Terán a mesma consideración que os/as fillos/as as persoas en situación de tutela ou acollemento familiar ou preadoptivo legalmente constituído.
- c) Os/as fillos/as maiores de idade, discapacitados cando teñan modificada xudicialmente a súa capacidade xurídica mediante a constitución de curatela representativa ou cando estean suxeitos a patria potestade prorrogada ou rehabilitada mentres non se produza a revisión desta medida.
- d) Os/as fillos/as solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- e) As persoas proxenitoras separadas legalmente ou divorciadas con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.
- f) A persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou en situación de afectividade análoga ás anteriores con convivencia, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/a alumno/a, agás nos casos de custodia compartida.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

Se computarán por dous os membros da unidade familiar cunha discapacidade igual ou superior ao 33% ou os que estean valorados como dependentes en calquera dos graos establecidos segundo a Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia.

Non terá a consideración de membro computable:

- a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
- b) O agresor nos casos de violencia de xénero.

En todo caso, terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar en 31 de decembro de 2024, agás cando unha sentenza de separación ou divorcio posterior a esa data atribúa a custodia exclusiva a unha das persoas proxenitoras, nos casos de violencia de xénero, en que se aplicará o disposto na lexislación específica, e nos casos de falecemento dalgunha das persoas proxenitoras.





En casos especiais, nos que a unidade familiar non estea conformada do xeito establecido neste punto, a Comisión Avaliadora poderá requirirle á persoa solicitante a achega da documentación xustificativa que se considere oportuna en cada caso.

4.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA DAS AXUDAS

A aplicación orzamentaria á que se imputarán estas axudas é a 232/48916 “Promoción social. Desenvolvemento material de estudo”, cun crédito máximo aprobado de 2.000,00€.

A contía das axudas para libros e material escolar quedarán fixadas de acordo co seguinte baremo, sempre e cando sexan xustificadas como gasto realizado, e non podendo superar en ningún caso o importe reflectido no presuposto presentado xunto coa solicitude de axuda (de ser o caso):

Renda per cápita familiar (anual)		Contía máxima da axuda
Igual ou inferior ó IPREM	Ata 7.200,00 €	130 €/alumno
Superior ao 100% e inferior ao 150% do IPREM	De 7.200,00 € a 10.800,00 €	100 €/alumno

5.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN NECESARIA

As solicitudes achegaranse mediante modelo oficial subscrito pola persoa interesada (pai/nai/titor legal). A presentación da dita solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para a comprobación dos datos que constan na mesma ante os organismos ou entidades correspondentes.

Cada solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- 1) Fotocopia do DNI de todos os membros da unidade familiar maiores de idade
- 2) Fotocopia do libro de familia
- 3) Certificado da Axencia Tributaria das rendas de todos os membros computables da unidade familiar do exercicio 2024 (só no caso de non asinar a autorización para obter documentación e información das distintas administracións públicas)
- 4) Autorización para obter a documentación e información, necesaria para a tramitación deste expediente, das distintas administracións públicas
- 5) Factura de compra dos libros e do material escolar dun establecemento comercial do municipio.
- 6) Nos casos de discapacidade ou dependencia dalgún dos membros da unidade familiar computables, certificado emitido polo organismo oficial correspondente.
- 7) Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do alumno, de selo caso.

6.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes xunto a documentación requirida presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Cervo, Praza do Concello s/n, Cervo ou por calquera das formas previstas artigo 16.4 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.





O prazo para a presentación de solicitudes será de 15 días dende a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

7.- PUBLICIDADE

O extracto desta convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia e na Base Nacional de Subvencións.

As bases reguladoras da convocatoria publicaranse no taboeiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Cervo (<https://cervo.sedelectronica.es>), e estarán a disposición dos interesados no Rexistro Xeral do Concello de Cervo, Praza do Concello s/n, Cervo.

8.- PROCEDIMIENTO

a. INSTRUCCIÓN E ÓRGANO INSTRUTOR

O órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se base a proposta de resolución, será o Departamento de Emprego e Desenvolvemento local. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión Avaliadora formulará a proposta de resolución provisional, na que expresará o cumprimento dos requisitos e a relación nominal dos/as solicitantes para a concesión das axudas.

Si na instrución fosen tidos en conta outros feitos ou datos distintos dos achegados polos/as interesados/as ou si non se achega toda a documentación requirida para solicitar estas axudas, notificaráselle a estes a proposta de resolución, concedéndolles un prazo de dez días para que presenten as alegacións que estimen pertinentes e/ou a documentación requirida. Á vista das alegacións e/ou documentación presentadas, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva.

De non presentarse alegacións, ou no caso de que este trámite non fose necesario segundo o parágrafo anterior, a proposta de resolución provisional terá automaticamente o carácter de proposta de resolución definitiva.

b. COMISIÓN AVALIADORA

A Comisión Avaliadora estará composta polo Concelleiro Delegado de Innovación e Emprendemento, a Concelleira Delegada de Medio Ambiente, así como do Concelleiro Delegado de Deportes.


A Comisión Avaliadora elevará a proposta de concesión a alcaldesa a través do órgano instrutor na que se concretará individualmente para cada beneficiario/a o resultado da avaliación realizada.

c. RESOLUCIÓN

O órgano competente para a concesión das axudas será a alcaldía, previo informe da intervención municipal.

O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte. As axudas concedidas notificaranse individualmente no prazo máximo de tres meses, a contar dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes e en todo caso antes do 15 de decembro de 2025, e publicaranse no taboleiro de anuncios de la sede electrónica do Concello de Cervo (<https://cervo.sedelectronica.es>)





A modificación de calquera das circunstancias que se tiveran en conta para a concesión das mesmas, que deberá ser posta en coñecemento do concello, poderá dar lugar á modificación da resolución.

9.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO


O pagamento destas axudas realizarase preferentemente mediante cheque bancario, tras a súa xustificación por medio da presentación de facturas orixinais. En casos especiais, os cales terán que ser valorados polas profesionais do Departamento municipal de Servizos Sociais, o pagamento da axuda, tras a delegación escrita do/a beneficiario/a, aboaráselle ao establecemento subministrador do material escolar.

Terán a consideración de casos especiais aqueles que por razón de necesidade, precariedade ou urxencia se atopen nunha situación de risco e/ou desprotección, sendo necesario nestes casos un informe da traballadora social do Concello, previa consideración da Comisión Avaliadora.

A alcaldesa
María Dolores García Caramés.

Documento asinado electronicamente á marxe





Concello de Cervo

27891 CERVO (Lugo) - Tfno.: 982 55 77 77 - Fax: 982 55 77 29 - C.I.F.: P-2701300-B

ANEXO I

PROCEDIMENTO	DOCUMENTO
AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR	SOLICITUDE

A) SOLICITANTE, DOMICILIO FAMILIAR E DATOS DE CONTACTO

SOLICITANTE
ENDEREZO
TELÉFONOS DE CONTACTO
CORREO ELECTRÓNICO

B) DATOS DO CENTRO DE EDUCACIÓN INFANTIL

--

C) FILLOS ESCOLARIZADOS NO CENTRO PARA OS QUE SOLICITA A AXUDA¹

1º ALUMNO/A		
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
ESTUDOS QUE REALIZA NO CURSO 2025-2026 ☐ 3anos ☐ 4 anos ☐ 5 anos	DATA DE NACEMENTO	☐ MINUSVALIDEZ ≥ 33% ☐ DEPENDENCIA

2º ALUMNO/A		
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
ESTUDOS QUE REALIZA NO CURSO 2025-2026 ☐ 3anos ☐ 4 anos ☐ 5 anos	DATA DE NACEMENTO	☐ MINUSVALIDEZ ≥ 33% ☐ DEPENDENCIA

3º ALUMNO/A		
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
ESTUDOS QUE REALIZA NO CURSO 2025-2026 ☐ 3anos ☐ 4 anos ☐ 5 anos	DATA DE NACEMENTO	☐ MINUSVALIDEZ ≥ 33% ☐ DEPENDENCIA

Cervo, de de

Sinatura do solicitante



¹ Se o número de fillos escolarizados é maior de 3, utilice follas adicionais e numéreas neste cadro





ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DA COMPOSICIÓN DA UNIDADE FAMILIAR E AUTORIZACIÓN PARA SOLICITAR AS ACREDITACIÓNS RELATIVAS A INGRESOS E DÉBEDAS

Declaro/declaramos que son certos os datos desta solicitude e que a unidade familiar está composta polos membros que se reflicten neste escrito.

En aplicación do artigo 95.1k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, e exclusivamente aos efectos de recoñecemento, seguimento e control da subvención que se solicita no impreso que se achega a este documento, os asinantes autorizamos, ao Concello de Cervo, para a obtención e comprobación da documentación e información, das distintas administracións públicas.

O Concello de Cervo, órgano que tramita o expediente de axudas de libros e material escolar, poderá solicitar á vista desta declaración calquera outra documentación que considere necesaria para acreditar os datos achegados e que resulte necesaria para a resolución do expediente.

Solicitante ou parentesco	Apelidos e Nome	DNI/NIF	Data de nacemento	Estado civil	Persoa con discapacidade	Sinatura
					☐ Si ☐ No	
					☐ Si ☐ No	
					☐ Si ☐ No	
					☐ Si ☐ No	
					☐ Si ☐ No	

De acordo con lo establecido en el RGPD y la LOPDGD, le informamos que el responsable de tratamiento de sus datos personales es el Concello de Cervo, con dirección en Plaza do Concello, s/n, CP 27891, en Cervo (Lugo). Sus datos personales serán empleados para la gestión del expediente administrativo solicitado por usted a través del presente formulario. Usted tiene derecho a acceder y rectificar tal y como se explica en la información adicional y detallada de protección de datos, que puede consultar en la oficina de la entidad sita en la dirección arriba indicada o bien solicitándola a través de la sede electrónica del Concello: [Sede Electrónica de Cervo](#)

ii. Información adicional de protección de datos

Tratamiento	GESTIÓN DE EXPEDIENTES ADMINISTRATIVOS
Responsable de tratamiento.	Concello de Cervo, Plaza do Concello, s/n, CP 27891, en Cervo (Lugo) correo electrónico: concello.cervo@eidolocal.es ; teléfono: 982 55 77 77
Datos Delegado de Protección de Datos	Nombre del Delegado de Protección de Datos: Softwariza3, S.L.U. Correo electrónico: dpd@softwariza3.es ; teléfono: 965 68 14 18
Finalidad y plazos de conservación	Gestión de los expedientes administrativos que se generan en el Concello, tramitación de instancias y/o solicitudes administrativas formuladas al Concello. En caso de que no nos facilite sus datos personales, no podremos cumplir con las funcionalidades descritas anteriormente. Los datos proporcionados se conservarán durante el tiempo necesario para cumplir con la finalidad para la que fueron recabados y para determinar posibles responsabilidades que se pudieran derivar de dicha finalidad y/o tratamiento de datos. Será de aplicación lo dispuesto en la normativa de archivo y documentación en el sector público y la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas. Sus datos no serán utilizados para elaborar decisiones automatizadas.
Legitimación del tratamiento	La base legal para el tratamiento de sus datos es el cumplimiento de una misión realizada en interés público o en el ejercicio de poderes públicos conferidos al Concello, así como, el cumplimiento de una obligación legal según lo regulado en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.
Destinatarios de los datos	Sus datos personales serán cedidos a los órganos administrativos del Concello a los que se dirija su solicitud y, en su caso, a los que tengan competencia sobre el asunto planteado, según la Ley 39/2015. No está previsto realizar transferencias internacionales de sus datos personales a terceros países.
Derechos de las personas interesadas	Dcho. de acceso: pedir información los datos personales que dispongamos acerca de usted. Dcho. de rectificación: comunicar cualquier cambio en sus datos personales. Para más información de cómo poder ejercitar sus derechos diríjase al Registro de Entrada del Concello de Cervo sito en la dirección arriba indicada, o puede llevar a cabo dicha acción a través de los formularios que la entidad pone a su disposición en la sede electrónica del Concello: Sede Electrónica de Cervo Si considera que alguno de los derechos anteriormente mencionados no ha sido respetado, Usted tendrá derecho a presentar una reclamación ante la Agencia Española de Protección de Datos. (https://www.agpd.es/portalwebAGPD/index-ides-idphp.php).

